

SUBGRUPO C1-TEMA 9-Transparencia

TEMA 9- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

1. Segundo o establecido no artigo 1.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, o obxecto desta lei é establecer o réxime xurídico de:
 - a) As obrigacións de bo goberno e das persoas que ocupen altos cargos, incluído o seu réxime de incompatibilidades, de conflito de intereses e de control dos seus bens patrimoniais.
 - b) As obrigacións de bo goberno e das persoas que ocupen altos cargos, incluído o seu réxime de incompatibilidades e de control dos seus bens patrimoniais.
 - c) As obrigacións de bo goberno e das empregadas e empregados públicos.
2. De conformidade co establecido no artigo 4.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre a imposición de multas coercitivas:
 - a) O seu importe será de 100 a 1.000 euros mensuais e non poderá exceder do 5 % do importe do contrato ou subvención.
 - b) O seu importe será de 1.000 a 10.000 euros mensuais e non poderá exceder do 5 % do importe do contrato ou subvención ou, se é o caso, de 3.000 euros.
 - c) O seu importe será de 100 a 1.000 euros mensuais e non poderá exceder do 10 % do importe do contrato ou subvención ou, se é o caso, de 30.000 euros.
3. De conformidade co establecido no artigo 5.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre o fomento da cultura da transparencia:
 - a) A Xunta de Galicia fará público anualmente no Portal de transparencia e goberno aberto un informe aprobado pola Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación.
 - b) A Xunta de Galicia fará público anualmente no seu Portal electrónico un informe aprobado pola Comisión de Información e Avaliación.
 - c) A Xunta de Galicia fará público semestralmente no Portal de transparencia e goberno aberto un informe aprobado pola Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación.
4. De conformidade co establecido no artigo 6.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre a publicidade activa:
 - a) Cando a información conteña datos de carácter persoal, non se poderán publicar.
 - b) Cando a información conteña datos de carácter persoal, especialmente protexidos, a súa publicidade só se levará a cabo coa disociación previa destes.
 - c) Cando a información conteña datos de carácter persoal, especialmente protexidos, non se poderán publicar.
5. De conformidade co establecido no artigo 7 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, tamén se publicará:
 - a) A localización das unidades administrativas e horario de atención ao público e as axendas da actividade institucional pública dos membros da Xunta de Galicia e dos altos cargos.
 - b) A localización das unidades administrativas, medios de contacto e horario de atención ao público, o plan estratéxico ou de goberno e as axendas da actividade institucional pública dos membros da Xunta de Galicia e dos altos cargos.
 - c) A localización das unidades administrativas, medios de contacto e horario de atención ao público.

SUBGRUPO C1-TEMA 9-Transparencia

6. De conformidade co establecido no artigo 12 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigacións específicas de información patrimonial do sector público autonómico, este facilitará información sobre:

- a) A relación de bens de interese cultural.
- b) A relación de bens de interese cultural e o número de vehículos dos que é titular ou arrendatario.
- c) A relación de bens dos que é titular.

7. De conformidade co establecido no artigo 13 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigacións específicas de información de contratación pública, facilitarase información sobre:

- a) Datos sobre os contratos subscritos, excluídos os contratos menores e os criterios interpretativos dos órganos consultivos en materia de contratación.
- b) Datos sobre os contratos subscritos, incluídos os contratos menores e os criterios interpretativos dos órganos consultivos en materia de contratación.
- c) Datos sobre os contratos subscritos, incluídos os contratos menores.

8. De conformidade co establecido no artigo 21.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, con relación á reutilización da información do sector público autonómico:

- a) Os órganos e unidades da Administración xeral velarán por que os documentos poidan estar dispoñibles en calquera formato para a súa reutilización.
- b) Os órganos e unidades da Administración xeral velarán por que os documentos poidan estar dispoñibles no formato máis adecuado en cada caso para a súa reutilización.
- c) Os órganos e unidades da Administración xeral velarán por que os documentos poidan estar dispoñibles en formato aberto para a súa reutilización.

9. De conformidade co establecido no artigo 23.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, con relación á reutilización da información:

- a) O Catálogo de documentos reutilizables recollerá os recursos dispoñibles en calquera formato.
- b) O Catálogo de documentos reutilizables recollerá os recursos dispoñibles en calquera formato e as súas condicións de acceso e de utilización.
- c) O Catálogo de información reutilizable recollerá os recursos dispoñibles en formatos abertos e as súas condicións de actualización, de acceso e de utilización.

10. De conformidade co establecido no artigo 24.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación ao acceso da información pública, garántese:

- a) A posibilidade de utilización da información obtida tras a autorización e a recepción da información pública en formato electrónico ou en papel.
- b) A posibilidade de utilización da información obtida sen autorización e a recepción da información privada en formato electrónico ou en papel.
- c) A posibilidade de utilización da información obtida sen necesidade de autorización previa e a recepción da información pública en formato electrónico ou en papel.

SUBGRUPO C1-TEMA 9-Transparencia

11. De conformidade co establecido no artigo 25.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación ao acceso da información pública:

- a) As limitacións ao dereito de acceso serán de aplicación durante un tempo predeterminado polas resolucións que acordan o acceso e mentres se manteña a razón que as xustifique.
- b) As limitacións ao dereito de acceso fixarán a súa duración e, en todo caso, ata que se solicite novamente o acceso.
- c) As limitacións ao dereito de acceso só serán de aplicación durante o período de tempo determinado polas leis ou mentres se manteña a razón que as xustifique.

12. De conformidade co establecido no artigo 26.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación á solicitude de acceso á información pública:

- a) A persoa solicitante está obrigada a motivar a súa solicitude de acceso á información.
- b) A persoa solicitante non está obrigada a motivar a súa solicitude de acceso á información.
- c) A persoa solicitante poderá ser requirida para que motive a súa solicitude de acceso á información.

13. De conformidade co establecido no artigo 27.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación á solicitude de acceso á información pública:

- a) A competencia para a resolución das solicitudes de acceso corresponderalle exclusivamente á persoa titular da secretaría xeral técnica.
- b) A competencia para a resolución das solicitudes de acceso corresponderalle á persoa titular da secretaría xeral, da secretaría xeral técnica, da dirección xeral ou da delegación territorial.
- c) A competencia para a resolución das solicitudes de acceso corresponderalle ao órgano competente para resolver o expediente no que se atope a información solicitada.

14. De conformidade co establecido no artigo 27.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, con relación á solicitude de acceso á información pública:

- a) A resolución na que se conceda ou denegue o acceso deberá notificarse no prazo máximo dun mes desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver.
- b) A resolución na que se conceda ou denegue o acceso deberá notificarse no prazo máximo de dous meses desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver.
- c) A resolución na que se conceda ou denegue o acceso deberá notificarse no prazo máximo dun mes desde a solicitude.

15. De conformidade co establecido no artigo 28.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación á solicitude de acceso á información pública:

- a) Contra a resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o conselleiro do que dependa o órgano que debe de resolver.
- b) Contra a resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo.
- c) Contra a resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o Consello da Xunta de Galicia.

SUBGRUPO C1-TEMA 9-Transparencia

16. De conformidade co establecido no artigo 29.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación ao Portal de transparencia e goberno aberto:

- a) A información estará dispoñible en galego e en castelán.
- b) A información estará dispoñible en galego, e poderá traducirse ao castelán.
- c) A información estará exclusivamente en galego.

17. De conformidade co establecido no artigo 29.7 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación ao Portal de transparencia e goberno aberto:

- a) Deberá dispoñer dun sistema de subscricións que lle permita á cidadanía recibir automaticamente avisos.
- b) Poderá dispoñer, nos supostos nos que sexa necesario, dun sistema de subscricións para a cidadanía.
- c) Poderá dispoñer, nos supostos nos que o acceso sexa frecuente e numeroso, dun sistema de subscricións que lle permita á cidadanía recibir automaticamente avisos.

18. Segundo o establecido no artigo 31.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a coordinación e control interno en materia de transparencia:

- a) Será exercida pola Comisión de Información e Transparencia, prevista na Lei 10/2017, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración.
- b) Será exercida pola Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación, prevista na Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración.
- c) Será exercida pola Comisión de Información Pública.

19. Segundo o establecido no artigo 32.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre a Comisión da Transparencia:

- a) Atribúenselle as funcións desta ao Valedor do Pobo.
- b) Atribúenselle as funcións desta ao Consello da Xunta.
- c) Atribúenselle as funcións desta ao titular da consellería de presidencia.

20. Segundo o establecido no artigo 33.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre a Comisión da Transparencia:

- a) Créase a Comisión da Transparencia como órgano dependente do Valedor do Pobo.
- b) Créase a Comisión da Transparencia como órgano independente adscrito do Parlamento de Galicia.
- c) Créase a Comisión da Transparencia como órgano colexiado independente adscrito ao Valedor do Pobo.